

## **CONCELLO PLENO**

### **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2017/07

**CARÁCTER:** EXTRAORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 19 de decembro de 2017

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e corenta minutos do día **19 de decembro de 2017** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

#### **Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona Maria Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

#### **Polo Grupo do Partido Popular**

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

#### **Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

#### **Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**

Dona Marta María Saiz García

#### **Secretario Xeral:**

D.José A. Carro Asorey

**Interventor:**

D.Luis R.Vázquez Parga

**Técnico de Admón.Xeral.**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**1.-EXPEDIENTE Nº 3773/2017 RELATIVO Á BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A.R.I.12ª FASE DE RIBADEO E 5ª FASE DE RINLO PRÓRROGA PLAN ESTATAL 2013-2016.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

*“Pola alcaldía dase conta do expediente epigrafiado que recolle as bases reguladoras da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do casco histórico da vila de ribadeo e do núcleo de rinlo, prorroga do plan estatal 2013/2016. Programa de rexeneración e renovación urbanas.*

*O Sr.Alcalde cede a palabra ao Sr.Interventor que sinala que procedería unha corrección no artigo 12 apartado 6) das Bases, relativo á documentación das obras e do edificio no senso de presentarse 3 orzamentos coa documentación, para aqueles casos nos que o importe do gasto supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para o contrato menor ( artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.)*

*A Comisión acorda, por unanimidade dos seus membros. ditaminar favorablemente as Bases de referencia coa modificación indicada anteriormente e elevar ditame neste senso ao Pleno Municipal para adopción do correspondente acordo.”*

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.Prestar aprobación ao ditame da Comisión sinalado e en consecuencia ás Bases que de seguido se transcriben.

2º.A publicación das mesmas na forma e polo período regulamentario.

3º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA POLO SISTEMA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE RIBADEO E DO NÚCLEO DE RINLO, PRORROGA DO PLAN ESTATAL 2013/2016. PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS.**

En desenvolvemento dos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2017, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, asinados entre o Ministerio de Fomento, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ribadeo ao abeiro do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 – 2016, PRORROGA, para o financiamento das distintas ARRUs declaradas no termo municipal e en relación ao papel xestor do Concello de Ribadeo para a execución do Plan, asumido no punto cuarto de ditos convenios, e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas nestes acordos, régulanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas sitas nas ARRUs existentes.

**ARTIGO 1. OBXECTO**

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, con cargo aos convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Fomento do Alugueiro de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 – 2016, PRORROGA.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2017, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, segundo os criterios de selección dispostos no artigo 15 da convocatoria.

**ARTIGO 2. ÁMBITO**

RIBADEO:

As vivendas e edificios de vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadeo, que coincide coa área definida na memoria-programa da Área de Rehabilitación elaborada pola empresa IDASA e de conformidade co acordo plenario de 10 de maio de 1.999 e aprobada a dita declaración da área de rehabilitación do casco histórico da vila de Ribadeo delimitado no plano anexo á resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

#### RINLO:

As vivendas e edificios de vivendas da Área de Rehabilitación do Núcleo de Rinlo, concello de Ribadeo, que coincide coa área definida na memoria-programa elaborada polo Concello de Ribadeo e aprobada e declarada pola Xunta de Galicia o día 16 de marzo de 2009.

### **ARTIGO 3. BENEFICIARIOS**

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 6.2 e 28.1 do Real Decreto 233/2013 e artigo 11 da orde do 23 de xuño de 2017.

Poderán ser beneficiarios das axudas os que asuman a responsabilidade da execución integral do ámbito da actuación, xa sexan as propias Administracións Públicas, os propietarios únicos de edificios de vivendas, as comunidades de propietarios formalmente constituídas, as agrupacións de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

Non poderán obter as subvencións deste programa quen se beneficiase, dentro do ámbito da actuación, de xudas do programa de rehabilitación edificatoria do Plan Estatal 2013-2016, de conformidade co artigo 28.3 do Real Decreto 233/2013, do 5 de abril.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario/a das subvencións, os que incorran en:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12 /1995 de 11 de maio, de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes e da facenda local.
- g) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.
- h) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, Xeral de Subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de

xuño, de Subvencións de Galicia.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que cada concello estableza na convocatoria demais normativa reguladora.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

#### **ARTIGO 4. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

- a) Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se establecen as axudas nesta convocatoria.
- b) Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do Concello de Ribadeo consideren pertinentes durante a execución da actuación e a vixencia da subvención, e facilitar os datos que se requiran.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.
- g) As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- h) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presentes bases.
- i) Acreditar con anterioridade á resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- j) Comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais a partir da data da solicitude da subvención.

- k) Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, no suposto de que se destine ao alugamento, por un prazo de tres anos, de conformidade co disposto no artigo 19 da orde do 23 de xuño de 2017.

## ARTIGO 5. CONDICIÓN S DOS INMOBLES

- a) Cumprir coas condicións mínimas de habitabilidade, ou no caso de non cumprilas na actualidade, acadalas coa realización das obras para as cales se solicita a subvención, se é posible.
- b) Ter algunha fachada con iluminación e ventilación natural.
- c) Que estea incluído dentro da “Área de Rehabilitación”.
- d) Non atoparse suxeitas a limitacións que impidan o uso previsto, nin estar cualificadas como fora de ordenación urbanística. Cando a solicitude teña como fin último o decoro do entorno inmediato, mellorar a imaxe do conxunto, e non incrementar o valor do edificio ou o consolide, pódese obviar-lo fora de ordenación urbanística, aos efectos de solicitude desta subvención.
- e) Presentar unha organización espacial e unhas características construtivas que garantan a posibilidade de acadar unhas adecuadas condicións de habitabilidade das vivendas de acordo coas condicións mínimas de habitabilidade legalmente establecidas, excepto imposibilidade física certificada polo Concello a través do órgano competente.
- f) Os edificios deberán contar como mínimo cun 60 % da súa edificabilidade sobre rasante destinada a uso residencial de vivenda habitual.
- g) Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade das redes de abastecemento e saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

## ARTIGO 6. ACTUACIÓN S SUBVENCIONABLES

De acordo co disposto polo artigo 26.1. a) do Real Decreto 233/2013 e artigo 9 da Orde do 23 de xuño de 2017, é subvencionable a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares establecidos pola normativa vixente. Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informe técnicos e certificados necesarios, así como os gastos da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

O custo subvencionable da actuación segundo a Anexo I do RD 233/2013 é o custo total da actuación, incluíndo o custo de execución material, os honorarios profesionais, beneficio industrial, custes notarias e de rexistro, gastos xerais e de xestión, excluídos impostos, taxas e tributos.

Poderanse acoller ás axudas as actuacións que contén con licenza de obra concedida non tendo as actuacións iniciadas con anterioridade á presentación e resolución da solicitude de subvención, e que cumpran os requisitos esixidos nestas bases.

Non se protexerán aquelas partes dos orzamentos das obras cuxa finalidade sexa puramente

decorativa ou suntuaria.

## ARTIGO 7. ORZAMENTO PROTEXIDO

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 26.1 do Real Decreto 233/2013, que non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan. Comprenderá o orzamento xeral, e dicir, será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión por razón das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e tributos.

Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén cun orzamento protexible mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 2.000,00 €.

## ARTIGO 8. CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS

Segundo o establecido no Real Decreto 233/2013 do 5 de abril, decreto 18/2014 de 13 de febreiro e na orde do 23 de xuño de 2017:

1. A contía máxima das subvencións determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación, que incluírá no seu caso, os custos desagregados segundo os tipos de actuacións previstos no artigo 6 das presentes bases, cos seguintes límites:
  - a) Ata 11.000,00 euros por vivenda obxecto de rehabilitación, non podendo exceder o 35% do custo subvencionable.
  - b) Unha axuda complementaria de ata 4.000,00 € por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10% do orzamento protexido de rehabilitación de vivenda ou do edificio.
2. Tributos municipais: as obras non estarán exentas de licenza, pero sí poderán acollerse ás bonificacións e deducións previstas na Ordenanza reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por tramitación de licenzas urbanísticas.
3. Establécense unhas bonificacións respecto do punto anterior do 25, 40 e 55%, en función dos ingresos da unidade familiar, correspondente á declaración presentadas por cada persoa da unidade familiar relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude, tendo en conta como límite de orzamento de execución material para estes cálculos de 21.000,00 €".
  - a) Para ingresos inferiores a 1,5 veces IPREM, a porcentaxe para o cálculo será o 55 %.
  - b) Para ingresos comprendidos entre 1,5 e inferiores a 3,5 veces IPREM a porcentaxe para o cálculo será o 40 %.



- c) Para ingresos entre 3,5 e inferiores a 6,5 veces IPREM, a porcentaxe para o cálculo será o 25 %.

## ARTIGO 9. ASESORAMENTO TÉCNICO

Cando se trate de obras menores, os técnicos responsables da Oficina de Rehabilitación, poderán encargarse da realización dos proxectos técnicos que servirán para a solicitude e concesión da correspondente licenza de obras, supervisión e control da obra, como tamén o informe de recepción final de obra.

No caso de que o proxecto ou memoria sexa realizado por calquera outro técnico competente, seguiranse as valoracións asinadas polo mesmo, pero sempre comparándoas cos prezos e valoracións que se veñan utilizando nas memorias elaboradas pola Oficina Municipal de Rehabilitación. No caso de que as partidas sexan valoradas máis caras que as mesmas partidas valoradas pola Oficina de Rehabilitación en casos semellantes, optarase por un cambio das mesmas, baseándose a valoración nos prezos das partidas fixados pola Oficina Municipal de Rehabilitación, que polo tanto prevalecerán sobre os aportados por outros técnicos.

Os proxectos de obras maiores, terán que ser debidamente visados e asinados por un técnico competente diferente do da Oficina Municipal de Rehabilitación. Nembargantes será a Oficina Municipal de Rehabilitación a que segundo a configuración da vivenda ou das vivendas resolva as dúbidas que poidan xurdir na aplicación deste artigo.

## ARTIGO 10. COMPATIBILIDADE

Sen prexuízo do establecido no artigo 28.3 do Real Decreto 233/2013, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública.

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras, de Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo subvencionable da actividade.

## ARTIGO 11. PROCEDIMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado ANEXO I, no rexistro do Concello de Ribadeo, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de **un mes** a partir do día seguinte á publicación das presentes bases no boletín Oficial da Provincia de Lugo.



## ARTIGO 12. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. Con carácter xeral xunto coa solicitude, ANEXO I, deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

- Se o promotor/a é unha persoa física:
  - a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante, e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
  - b) Documentación acreditativa da propiedade do edificio ou vivenda, nota simple do rexistro da propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificación de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.
  - c) Ingresos da unidade familiar relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude. Non caso de non estar obrigado á presentación da declaración, deberá presentar certificado de bases imponible e xeral, emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, segundo o regulado nos artigos 48 e 49 respectivamente da lei 35/2006.
  
- Se o promotor/a é unha persoa xurídica:
  - a) CIF da persoa xurídica e DNI do seu representante.
  - b) Documento acreditativo da constitución da sociedade.
  - c) Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación.
  
- Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais:
  - a) CIF da Comunidade e do seu Presidente.
  - b) Documento acreditativo da constitución da comunidade.
  - c) Documento acreditativo da representación coa que se actúe.
  - d) Xustificación da titularidade do edificio (inscripción no Rexistro da Propiedade).
  - e) Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.
  - f) Certificación na que se relacionen todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, número de vivendas e locais, referencias catastrais e porcentaxe de participación.

2. ANEXO II, de ter a condición de beneficiario, no que realizarán as seguintes declaracións:

- a) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.

- b) Que todos os datos da solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- c) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da lei xeral de subvencións.
- d) Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.
- f) Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
- g) Que cumpro e reúne todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva.

### 3. ANEXO III:

- a) Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

### 4. ANEXO IV:

- a) Declaración responsable de que a vivenda se destinará a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, no suposto de que se destine ao alugamento, por un prazo de tres anos, de conformidade co artigo 19 da Orde do 23 de xuño de 2017. Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios esta declaración deberá ser asinada por todas as persoas propietarias de vivendas integrantes da comunidade.

### 5. CERTIFICACIONES:

- a) Certificacións de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a administración local, no caso de denegar a súa consulta.

### 6. Documentación das obras e do edificio:

- a) Os edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluídos no ámbito, deberán presentar o correspondente informe de avaliación do edificio conforme co modelo tipo previsto no anexo II do Real Decreto 233/2013 do 5 de abril e con data anterior á data da solicitude de subvención.
- b) Orzamento detallado e pormenorizado, no que figure a descrición das obras a realizar, medicións e orzamento por partidas, desglosando o IVE. No caso de que o importe do gasto supere as contías para o contrato menor establecidas no R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro deberán presentarse tres orzamentos.

#### 7. Outra documentación:

- a) Orzamentos que contemplan gastos de xestión conforme ao disposto no artigo 6 destas bases.
- b) Outros documentos que, se é o caso, o Concello considere necesarios para ditar resolución.

### **ARTIGO 13. AUTORIZACIÓNS**

A presentación da solicitude de subvención polo interesado levará aparellada a autorización ao Concello de Ribadeo para que en calquera momento da tramitación do expediente e ata o remate do mesmo poida:

- a) Solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, así como a certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite atoparse ao días nas súas obrigas co Concello.
- b) Consultar os datos de residencia/empadramento do solicitante da subvención.

No suposto de imposibilidade de obter algún documento, o Concello poderá requirir á persoa solicitante a súa achega.

Non entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Así mesmo, a presentación da solicitude de subvención implica a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

### **ARTIGO 14. AVALIACION DAS SOLICITUDES**

O órgano competente para a concesión de subvencións será o Alcalde e por delegación, a Xunta de Goberno Local. Será perceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto.

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentadas as solicitudes, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos a resolver no prazo de 10 días para a súa corrección, de acordo co establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para completar ou aclarar a documentación recibida, as solicitudes serán avaliadas por unha comisión de Valoración constituída, segundo as previsións do artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia a modo de órgano instructor, da seguinte forma:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo ou concelleiro en quen

delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS: O persoal da Oficina Municipal de Rehabilitación.

SECRETARIO: Exercerá como secretario da comisión o da Corporación ou funcionario en quen delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Pola Comisión de Valoración, elaborárase unha proposta de beneficiarios/as seleccionados, así como unha lista de reserva, de selo caso, para a súa resolución polo Organo competente, denegándose as solicitudes que non cumpran os requisitos.

Toda alteración das condicións que se teñan en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O acordo que outorga ou denega a subvención será notificado os solicitantes. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de dous meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

A Oficina Municipal de Rehabilitación realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

## **b) Cualificación provisional**

Unha vez resolta a proposta de beneficiarios, remitirase á Área Provincial do IGVS en Lugo, para obter a cualificación provisional.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

## **c) Cualificación Definitiva**

Unha vez rematadas as obras e comunicado oficialmente por parte da persoa beneficiaria ao Concello, a Oficina Municipal de Ribadeo realizará as seguintes comprobacións:

- a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
- b) Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.
- c) As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.

O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e irá acompañada dunha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, e da Orde do 23 de xuño de 2017, que se remitirá Area Provincial do IGVS de Lugo para a súa resolución.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

Será causa da denegación da cualificación definitiva as seguintes:

- A non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo.
- A non execución das obras conforme co previsto na resolución de cualificación provisional.
- A non execución das obras conformidade coa licenza concedida.
- O incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

## **ARTIGO 15. CRITERIOS DA SELECCIÓN DAS AXUDAS**

O Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da preferencia das solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionadas.

O Concello aprobará unha selección de solicitudes candidatas a seren subvencionadas en función das seguintes consideracións: mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade das vivendas, presenza significativa da unidade de edificación no espazo público, condición socio económica dos beneficiarios e medidas de aforro enerxético, de acordo co seguinte baremo:

### **1.- SE O SOLICITANTE E UNHA PERSOA FISICA OU XURIDICA.**

- a) Mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade das vivendas e edificios (1-3 puntos): son aquelas intervencións que melloran considerablemente as condicións de

habitabilidade e accesibilidade, para alcanzar ou aproximarse ás establecidas no decreto 29/2010 Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

- b) Presenza significativa da unidade de edificación no espazo público: (1-3 puntos): valórase a capacidade de mellora da imaxe urbana e así fomentar a recuperación dos edificios do contorno.
- c) Por razón socio económica, (1-3 puntos):
- 3 puntos: rentas inferiores a 1,5 veces o IPREM.
  - 2 puntos: rentas entre 1,5 e inferiores a 3,5 veces o IPREM.
  - 1 punto: rentas entre 3,5 e inferiores a 6,5 veces o IPREM.
- d) Por adopción de medidas de aforro enerxético: (1-3 puntos):
- 3 puntos: aforro enerxético en iluminación eléctrica e térmica.
  - 2 puntos: eficiencia enerxética de enerxía térmica.
  - 1 punto: eficiencia enerxética de enerxía eléctrica.

A puntuación final de cada solicitude será a resultante de dividir o sumatorio dos puntos obtidos entre o número de criterios de valoración, neste catro 4, tendo en conta ata catro cifras decimais.

## 2.- SE O SOLICITANTE E UNHA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.

- a) Mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade das vivendas e edificios (1-3 puntos): son aquelas intervencións que melloran considerablemente as condicións de habitabilidade e accesibilidade, para alcanzar ou aproximarse ás establecidas no decreto 29/2010 Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.
- b) Presenza significativa da unidade de edificación no espazo público: (1-3 puntos): Valorase a capacidade de mellora da imaxe urbana e así fomentar a recuperación dos edificios do contorno.
- c) Por adopción de medidas de aforro enerxético: (1-3 puntos):
- 3 puntos: aforro enerxético en iluminación eléctrica e térmica.
  - 2 puntos: eficiencia enerxética de enerxía térmica.

- 1 punto: eficiencia enerxética de enerxía eléctrica.

A puntuación final de cada solicitude será a resultante de dividir o sumatorio dos puntos obtidos entre o número de criterios de valoración, neste catro 3, tendo en conta ata catro cifras decimais.

Aos efectos desta selección consideraranse as intervencións exclusivamente en elementos comúns do edificio como unha única solicitude e a súa puntuación será referida ao edificio e non as unidades de vivenda que o compoñen, computándose tantas actuacións como o seu número de vivendas rehabilitadas.

Unha vez obtidas as puntuacións e realizada a selección, pode resultar necesario o axuste das intervencións para obter un máximo aproveitamento das contías de subvención concedidas.

En caso de empate terán preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo; e no caso de solicitudes que completaran a documentación ao mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presenten antes no rexistro municipal.

## **ARTIGO 16. XESTIÓN DAS OBRAS**

### A.- XESTIÓN DA OBRA.

As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras ou autorización administrativa oportuna nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar, que deberá ser solicitada polo interesado, a través da Oficina de Xestión de axudas a tal rehabilitación.

Os/As solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

### B.- INICIO DAS OBRAS.

O solicitante promotor das obras deberá comunicar previamente e de xeito oficial á Oficina Municipal de Rehabilitación a data do inicio das obras, segundo o ANEXO V.

### C.- REALIZACION DAS OBRAS.

As obras obxecto das axudas, axustaranse ao convenio no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión licencia de obras correspondente.

O técnico da Oficina de Rehabilitación poderá supervisar a execución das obras, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, previo informe favorable da Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística.

As obras deberanse realizar no prazo máximo concedido no documento de cualificación provisional emitido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e en todo caso este prazo **rematará o 15 de novembro de 2018**, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as comprobacións correspondentes.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do



programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados.

#### D.- REMATE DAS OBRAS

Rematadas as obras, o prazo para comunicar oficialmente ao Concello o remate das mesmas, e xunto con esta comunicación presentar a documentación para a súa xustificación, **remata o 15 de novembro de 2018**, segundo o ANEXO VI.

A documentación a presentar é a seguinte:

1. Certificación de entidade bancaria onde figure o beneficiario como titular e o seu número de conta.
2. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa das actuacións realizadas, sendo imprescindible que como mínimo representen a contía de todas as subvencións declaradas. As facturas e recibos de pago, deberán reunir os seguintes requisitos:
  - a) O beneficiario/a da subvención deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
  - b) Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.
  - c) Ter referencia de gastos xerados obxecto da subvención.
  - d) As facturas deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figura na cualificación provisional.
  - e) Cumprir cos requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que establecen as características das facturas e o seu contido, entre outros:
    - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
    - Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá constar expresamente na factura.
    - Nome do beneficiario da subvención.
    - Enderezo da actuación e descrición detalladas das obras levadas a cabo obxecto da subvención.
    - Número de factura, data de emisión e denominación de "factura".
  - f) Os pagos deberán de acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Excepcionalmente admitiranse pagos en efectivos non superiores a 300,00 €, previa xustificación do mesmo. Non se admitirán xustificantes de pago obtidos a través da rede de internet se non están validados pola entidade bancaria.

No caso de ser obrigatorio deberá achegarse a certificación enerxética do edificio no que se reflicta unha mellora da cualificación enerxética total do edificio.

#### E.- OBRIGAS DO PROMOTOR.

Unha vez resolta a proposta de beneficiarios de concesión de subvención para que as vivendas ou inmobles sexan rehabilitados e unha vez asinados os contratos correspondentes, en caso de que non se leve a cabo a obra por causas imputables ao solicitante e salvo causa de forza maior, o promotor ou solicitante estará obrigado a abonar os gastos ocasionados correspondentes polos traballos técnicos realizados, de selo caso.

Esta cantidade establécese no 2% do valor do Orzamento de Contrata, realizado no proxecto técnico, figurando a dita cláusula nos contratos que se formalicen

#### **ARTIGO 17. ACREDITACION DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 19 DA ORDE DO 23 DE XUÑO DE 2016. DESTINO DA VIVENDA.**

Recibida no Concello a cualificación definitiva emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e unha vez que o Concello lle de traslado desta cualificación definitiva ao beneficiario da subvención, **disporá dun prazo de 10 días** a contar a partires do seguinte á notificación para presentar a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento (no caso de denegar a súa consulta) e documento que faga fe acreditando que a vivenda se vai destinar a domicilio habitual e permanente do **promotor** por un prazo de tres anos.
- **No caso de destinar a vivenda a alugamento**, contrato de aluguer coa duración establecida, documento que faga fe acreditando que a vivenda se vai destinar a domicilio habitual e permanente do inquilino por un prazo de tres anos e certificado de empadramento da persoa inquilina.

Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios este cumprimento afecta a todas as persoas propietarias de vivendas integrantes da comunidade.

#### **ARTIGO 18. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS**

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016.

Unha vez transferidos os fondos ao Concello, e con carácter previo ao pagamento das subvencións concedidas, todas as persoas beneficiarias deberán presentar no prazo concedido a tal fin, de selo caso, a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración,

organismo ou entidade pública que concede a subvención.

- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, Xeral de Subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de Subvencións de Galicia, e de non ter pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Ribadeo.
- c) Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa administración, incluído o Concello de Ribadeo, así como coa seguridade social, no caso de denegar a súa consulta.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento e da Comunidade Autónoma, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

## **ARTIGO 19. DENEGACIÓN E REVOGACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas nestas bases, relativas ao solicitante ou ao inmovible a rehabilitar.
- b) Segundo o artigo 13, da Orde do 9 de marzo de 2015, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.
- c) Consonte o artigo 14, da Orde do 9 de marzo de 2015:
  - Incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
  - En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
  - Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, as seguintes:
- Incurrir en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda.
  - Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
  - A non adaptación ao planeamento urbanístico en vigor
  - Incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
  - A execución de obras non aprobadas pola Oficina de Rehabilitación que non esten contempladas no proxecto e non contén con autorización do IGVS nin amparadas pola licenza municipal de obras expedida.
  - A incorrecta ou non execución das obras de rehabilitación aprobadas pola Oficina de Rehabilitación.
  - A non adaptación aos criterios da oficina.
  - Impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
  - Iniciar as obras sen dar conta á oficina de Rehabilitación.
  - Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

## ARTIGO 20. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a) Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.
- b) Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 9 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Rexeneración e Renovación Urbanas do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.
- d) Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.
- e) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do

21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

- f) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- g) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- h) Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- i) Os acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de outubro do 2017, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo.
- j) Ordenanza de inspección técnica de edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- k) Real Decreto 7/2015, 30 de outubro, texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.
- l) Calquera outra normativa vixente que resulta de aplicación.

#### **CLAUSULA DEROGATORIA ÚNICA.**

Quedan derogadas as bases da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do casco histórico da vila de Ribadeo e do núcleo de Rinlo, Plan Estatal 2013/2016, Programa de rexeneración e renovación urbanas, aprobadas en sesión plenaria ordinaria o día 3 de decembro de 2015 publicadas o 5 de decembro de 2015 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 280 e a súa rectificación aprobada en sesión plenaria o día 28 de xaneiro de 2016, e publicada o 10 de febreiro de 2016 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 032.

#### **CLAUSULA FINAL**

Estas bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e manteranse vixentes ata que o Pleno municipal acorde a súa modificación ou derogación.

O que se fai público comunicándose que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Nembargantes poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso postestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Ribadeo, á data da sinatura electrónica.

O ALCALDE,

Asdo.: FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

ANEXO I

**SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA ACTUACIONES NAS AREAS DE REXENERACION E RENOVACION  
URBANAS DO CASCO HISTORICO DA VILA DE RIBADEO E DO NUCLEO DE RINLO. PRORROGA PLAN  
ESTATAL 2013-2016**

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome:		DNI/CIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:		C. electrónico:

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome:		DNI/CIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:		C. electrónico:

--	--

<b>DATOS DO/A EDIFICIO/VIVENDA A REHABILITAR</b>		
Enderezo da actuación:		
Localidade:	Concello:	ARI (Ribadeo/Rinlo):

<b>AUTORIZACIÓNS</b>
<p>A presentación da solicitude autorizará ao Concello de Ribadeo para que en calquera momento do expediente e ata o remate do mesmo poida solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería municipal da Seguridade Social e a Consellería competente en materia da Xunta de Galicia e certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite atoparse ao día nas súas obrigas co Concello. Tamén para a consulta dos datos de empadramento.</p> <p><b>Non entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.</b></p> <p>SÍ AUTORIZO AO CONCELLO DE RIBADEO A SOLICITAR AS CITADAS CERTIFICACIÓNS</p> <p>NON AUTORIZO AO CONCELLO DE RIBADEO A SOLICITAR AS CITADAS CERTIFICACIONES E ACHEGO A DOCUMENTACION CORRESPONDENTE</p>

De conformidade co disposto na L.O. 15/1999 de Datos de Carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro, propiedade de Concello de Ribadeo, cuxa finalidade é atender a xestión solicitada. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na lei, poñéndose en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO na Dirección: Praza de España 1, 27700 - Ribadeo (Lugo).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO



ANEXO I (continuación)

**SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA ACTUACIONES NAS AREAS DE REXENERACION E RENOVACION URBANAS DO CASCO HISTORICO DA VILA DE RIBADEO E DO NUCLEO DE RINLO. PRORROGA PLAN ESTATAL 2013-2016.**

**DOCUMENTACION QUE SE PRESENTA**

1. Con carácter xeral xunto coa solicitude deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

• **Se o promotor/a é unha persoa física:**

- Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante, e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
- Documentación acreditativa da propiedade do edificio ou vivenda, nota simple do rexistro da propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificación de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.
- Ingresos da unidade familiar relativos ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude. Non caso de non estar obrigado á presentación da declaración, deberá presentar certificado de bases imponible e xeral, emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, segundo o regulado nos artigos 48 e 49 respectivamente da lei 35/2006.

• **Se o promotor/a é unha persoa xurídica:**

- CIF da persoa xurídica e DNI do seu representante.
- Documento acreditativo da constitución da sociedade.
- Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación.

• **Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais:**

- CIF da Comunidade e do seu Presidente.
- Documento acreditativo da constitución da comunidade.
- Documento acreditativo da representación coa que se actúe.
- Xustificación da titularidade do edificio (inscripción no Rexistro da Propiedade).
- Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da

subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

- Certificación na que se relacionen todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, número de vivendas e locais, referencias catastrais e porcentaxe de participación.

2. ANEXO II.

- Declaración responsable de ter a condición de beneficiario.

3. ANEXO III:

- Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

4. ANEXO IV:

- Declaración responsable do destino da vivenda.

5. CERTIFICACIONES:

- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a administración local, no caso de non autorizar ao Concello de Ribadeo.

6. Documentación das obras e do edificio:

- Os edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluídos no ámbito, deberán presentar o correspondente informe de avaliación do edificio conforme co modelo tipo previsto no anexo II do Real Decreto 233/2013 do 5 de abril e con data anterior á data da solicitude de subvención.
- Orzamento detallado e pormenorizado, no que figure a descrición das obras a realizar, medicións e orzamento por partidas, desglosando o IVE.

7. Outra documentación:

- Orzamentos que contemplan gastos de xestión conforme ao disposto no artigo 6 destas bases.
- Outros documentos que, se é o caso, o Concello considere necesarios para ditar resolución.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

ANEXO II

**DECLARACION RESPONSABLE DE TER A CONDICION DE BENEFICIARIO. SUBVENCIONS ARI  
RIBADEO E RINLO. PRORROGA PLAN ESTATAL 2013-2016**

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA  
RESPONSABILIDADE:**

1. O compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.
2. Que todos os datos da solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da lei xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.
6. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
7. Que cumpro e reúne todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para ter a condición de beneficiario.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data.

ANEXO III

DECLARACION RESPONSABLE DOUTRAS SUBVENCIONS. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E  
RINLO. PRORROGA PLAN ESTATAL 2013-2016

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Quen en relación con outras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda ou subvención para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e / ou se lle concederon outras axudas ou subvencións para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	DISPOSICION REGULADORA	IMPORTE

TOTAL		€
SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE		
Lugar e data.		

ANEXO IV

DECLARACION RESPONSABLE DO DESTINO DA VIVENDA. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E  
RINLO. PRORROGA PLAN ESTATAL 2013-2016

<b>DATOS DO SOLICITANTE</b>		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:		C. electrónico:

--	--

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:		C. electrónico:

DATOS DO/A EDIFICIO/VIVENDA A REHABILITAR		
Enderezo da actuación:		
Localidade:	Concello:	ARI (Ribadeo/Rinlo):

<p><b>Declaro baixo a miña responsabilidade que a vivenda obxecto da actuación se vai destinar a:</b></p> <p>DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE POR UN PRAZO DE TRES ANOS DA PERSOA PROMOTORA</p> <p>A ALUGAMENTO, CONSTITUINDO O DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE DO INQUILINO POR UN PRAZO DE TRES ANOS</p>
---

--

<b>SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>
Lugar e data.

ANEXO V

COMUNICADO INICIO DE OBRAS. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E RINLO. PRORROGA PLAN  
ESTATAL 2013-2016

<b>DATOS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCION</b>		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:	C. electrónico:	
Comunica á Oficina Municipal de Ribadeo que as obras de rehabilitación do/a edificio/vivenda		



sita en

**DATOS DO/A EDIFICIO/VIVENDA A REHABILITAR**

Enderezo da actuación:

Localidade:

Concello:

ARI (Ribadeo/Rinlo):

darán comezo o día \_\_\_\_\_.

**SINATURA DO BENEFICIARIO OU REPRESENTANTE**

Lugar e data.

De conformidade co disposto na L.O. 15/1999 de Datos de Carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro, propiedade de Concello de Ribadeo, cuxa finalidade é

atender a xestión solicitada. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na lei, poñéndose en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO na Dirección: Praza de España 1, 27700 - Ribadeo (Lugo).

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

ANEXO VI

**COMUNICADO REMATE DE OBRAS. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E RINLO . PRORROGA PLAN ESTATAL 2013-2016**

<b>DATOS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCION</b>		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:	C. electrónico:	
Comunica á Oficina Municipal de Ribadeo que as obras de rehabilitación do/a edificio vivenda sita en		
<b>DATOS DO/A EDIFICIO/VIVENDA A REHABILITADO/A</b>		
Enderezo da actuación:		



De conformidade co disposto na L.O. 15/1999 de Datos de Carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro, propiedade de Concello de Ribadeo, cuxa finalidade é atender a xestión solicitada. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na lei, poñéndose en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO na Dirección: Praza de España 1, 27700 - Ribadeo (Lugo).

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO.

**2.-EXPEDIENTE Nº 4005/2017 RELATIVO Á DERROGACIÓN ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS, PARA FACILITAR O ACCESO AS ACTIVIDADES, DIRIXIDAS A MENORES, ORGANIZADAS POLAS CONCELLARÍAS DE CULTURA, EDUCACIÓN E IGUALDADE E A DE FACENDA, MEDIO RURAL, OBRAS E DEPORTES PERTENCENTES A FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO, EN SITUACIÓNS ECONOMICAMENTE DESFAVORABLES, PUBLICADA NO BOP DE LUGO DE 27/03/2014 E MODIFICADA O 26/01/2015.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa:

*“DITAME: Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:*

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Vista a providencia de Alcaldía de 11/12/2017 onde se xustificaba a necesidade de proceder á derogación da ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS, PARA FACILITAR O ACCESO AS ACTIVIDADES, DIRIXIDAS A MENORES, ORGANIZADAS POLAS CONCELLARÍAS DE CULTURA, EDUCACIÓN E IGUALDADE E A DE FACENDA, MEDIO RURAL, OBRAS E DEPORTES PERTENCENTES A FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO, EN SITUACIÓNS ECONOMICAMENTE DESFAVORABLES, publicada no BOP de Lugo de 27/03/2014 e modificada o 26/01/2015*

*Considerando que os motivos para a derogación estaban recollidos no informe de 08/08/2017 emitido polo traballador social do concello onde se sinalaba o seguinte:*

*““Estas axudas teñen como finalidade facilitar o acceso a actividades formativo/culturais e deportivas, organizadas polo Concello de Ribadeo, tales como as escolas deportivas municipais, a escola de música, campamentos urbáns e outras similares, por parte de menores que pertencen a familias cunha situación económica desfavorable e que sen esta axuda non poderían participar na actividade.*

*Si ben a finalidade destas axudas é clara o preceptivo procedemento para a súa aplicación fai que se incorra na mesma problemática que da orixe ó nacemento da liña de axudas que nos ocupa.*

*Por tratarse dunha prestación económica ten un tratamento independente da solicitude da praza obxecto da propia petición. Por este motivo, en primeiro lugar deben solicitar a praza, presentar a documentación que se require e aboar o pago da taxa.*

*Paralelamente a isto solicitan a prestación económica para obter a axuda que facilita o acceso a actividade.*

*É dicir deben de dispoñer do diñeiro correspondente a taxa para poder formalizar a praza da actividade que solicita. Diñeiro que recuperan cando se resolve o expediente da prestación económica.*

*Desde este servizo atopámonos con que esta liña de axudas non está a cumprir o fin para o que naceu , dado que ás familias deben de dispoñer do diñeiro para poder pagar a taxa, cando en realidade están dirixidas, precisamente, ás familias que non o poden facer.*

*Propoñemos que, nas propias bases reguladoras que cada actividade, se inclúa un artigo relativo a EXENCIÓN DA TAXA POR MOTIVOS ECONÓMICOS.*

*Mantendo, basicamente, os criterios económicos da ordenanza reguladora das prestacións económicas”*

*Considerando tamén que con data 29/11/2017 foron aprobadas modificacións da ORDENANZA FISCAL NUMERO T21 reguladora da reguladora da Taxa polo servizo de ensinanza especiais en establecementos docentes públicos. Escola de Música e Danza. Escolas Deportivas Municipais e a ORDENANZA P3 PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES, para introducir bonificacións que veñen a substituír as axudas que recollía a ordenanza a derrogar*

*Visto o informe de Secretaría de 11/12/2017 en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para proceder á derogación da citada ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS, PARA FACILITAR O ACCESO AS ACTIVIDADES, DIRIXIDAS A MENORES, ORGANIZADAS POLAS CONCELLARÍAS DE CULTURA, EDUCACIÓN E IGUALDADE E A DE FACENDA, MEDIO RURAL, OBRAS E DEPORTES PERTENCENTES A FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO, EN SITUACIÓNS ECONOMICAMENTE DESFAVORABLES.*

*A vista do exposto propoño ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos,*

**PRIMEIRO.** *Acordar a aprobación inicial da derogación da ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS, PARA FACILITAR O ACCESO AS ACTIVIDADES, DIRIXIDAS A MENORES, ORGANIZADAS POLAS CONCELLARÍAS DE CULTURA, EDUCACIÓN E IGUALDADE E A DE FACENDA, MEDIO RURAL, OBRAS E DEPORTES PERTENCENTES A FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO, EN SITUACIÓNS ECONOMICAMENTE DESFAVORABLES.*

**SEGUNDO.** *Expor ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, durante o prazo de trinta días, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.*

*Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a derogación definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.*

*Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, publicaranse no boletín oficial da provincia, entrando en*

*vixencia de acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.”*

*A Comisión acorda, por unanimidade dos seus membros, ditaminar favorablemente a Proposta de referencia nos propios termos da mesma e elevar ditame neste senso ao Pleno Municipal para adopción do correspondente acordo.”*

O Sr.Alcalde explica brevemente os motivos da derogación.

A Corporación en votación ordinaria por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa nos seus propios termos.

### **3.-EXPEDIENTE Nº 4112/2017 RELATIVO A PROXETO TÉCNICO DE SUBSTITUCIÓN DE VIAL MUNICIPAL POR VIAL SN-V2 PREVISTO NO PXOM.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

*“DITAME:*

*Pola Alcaldía-Presidencia dase conta do expediente epigrafiado.*

*Explícase polo miúdo polo Sr.Alcalde qe se trata de anticipar a previsión na execución do vial de referencia por interese público e tratarse dun proxeto de grande importancia para Ribadeo que doutro xeito podería tardar anos en desenvolverse na zona. Que xa se leva traballando tempo no tema e que non figura nos orzamentos, motivo polo cal se debe adoptar acordo plenario.*

*Pasa a palabra ao Secretario Sr.Carro Asorey que informa sobre a tramitación que debe seguir dito proxeto, con aprobación inicial, exposición pública para alegacións e aprobación definitiva.*

*Que aínda que o proxeto comprende tamén a parte expropiatoria agora mesmo non é obxecto deste punto xa que se trata, como apuntou o Sr.Alcalde, de aprobar o proxeto de urbanización que non esta previsto nos orzamentos, polo Pleno, e seguir a tramitación ata a súa aprobación definitiva, segundo as previsións da vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solode Galicia.*

*A Comisión acorda, por unanimidade dos seus membros, informar favorablemente o expediente e proxeto técnico prestando aprobación inicial ao mesmo e sometendo a información pública polo período legalmente establecido, elevando ditame neste senso ao Pleno Municipal para adopción do correspondente acordo.”*

Pola concelleira Sra. González Ginzo do Grupo Socialista maniféstase que o expediente electrónico non figura na Plataforma sinalándose por Secretaría que se pode tratar dun erro no número do mesmo, comprobándose posteriormente que é así e indicándose que de todos os xeitos o Proxeto técnico xa se comunicou que estaba a disposición dos membros da Corporación, en formato papel, na Secretaría da entidade.

Por parte do Secretario realizáse unha breve exposición da tramitación a que vai ser sometido o proxeto que foi realizado de acordo coas previsións existentes e en desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado en 2014, formulándose agora a aprobación inicial e continuando cunha información pública para posibles alegacións polos interesados. Respecto á parte de expropiación que tamén consta incluída no proxeto sinala que será obxecto de un desenvolvemento posterior.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.Prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente e en consecuencia expoñer ao público o Proxecto de referencia por período e forma regulamentaria.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

#### **4.- EXPEDIENTE Nº 3285/2017 RELATIVO A ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR DE RIBADEO.**

Dase lectura por Secretaría ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

##### ***“DITAME. DECLARACION DE URXENCIA***

*Pola Alcaldía sinálase a existencia dun expediente que ten certa urxencia, relativo á elección de Xuíz de Paz titular de Ribadeo para o que se require acordo plenario.*

*Cédese a palabra ao Técnico presente na sesión Sr. Rodil Veiga que explica os pormenores da tramitación para a elección de xuíz de paz cuxo prazo de 4 anos está a piques de rematar e segundo requerimento efectuado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

*Faise unha breve exposición do expediente tramitado mediante anuncio publicado no BOP de Lugo, instancias presentadas e resultado da selección efectuada en base aos mesmos criterios que se utilizaron na anterior elección, sendo a persoa que se proporá pola Alcaldía para este cargo D<sup>a</sup> María Irene Díaz Martínez.*

*A Comisión acorda, por unanimidade dos seus membros, apreciar a urxencia do asunto pasándose a continuación á votación do mesmo.*

*A Comisión por oito votos a favor (cinco dos membros do BNG, dous do Grupo Popular e un do Grupo Mixto-Cidadáns) e unha abstención do Grupo PSOE, acorda prestar aprobación á proposta sinalada e ditaminar neste senso para adopción do acordo correspondente polo Pleno municipal.”*

Por parte da voceira do Grupo Socialista Sra.González-Ginzo sinálase que entre as persoas que optan ao posto de xuíz hai unha que nn aportou a documentación e pregunta se non debeu ser requirida nun prfazo de acordo coa normativa de procedemento administrativo para presentar a mesma.

Por Secretaría sinálase que o procedemento para a elección de xuíz é conforme á Lei Orgánica do Poder Xudicial e que en todo caso o acordo plenario é unha proposta que se elevará ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que é quen resolve.

A Corporación en votación ordinaria por quince votos a favor (dos membros dos Grupos Políticos municipais BNG, PP e Cidadáns) e dous en contra dos membros do Grupo municipal socialista, co quorum da maioría absoluta legal dos membros da mesma, acorda:

1º.Prestar aprobación ao ditame da Comisión mencionado e en consecuencia elixir como Xuiz de Paz titular de Ribadeo a dona María Irene Díaz Martínez, seguíndose en caso de necesidade a lista pola orde de puntuación acadada.

2º. Dar traslado deste acordo e documentación procedente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia aos efectos legalmente previstos.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e cincoenta minutos estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,  
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,  
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE**